

O GALEGUISMO DURANTE O FRANQUISMO

DENUNCIA ANTE A UNESCO



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

O galeguismo denuncia a persecución do idioma galego ante VIII Asemblea Xeral da Unesco en 1954, que acababa de admitir a unha España franquista ansiosa de recoñecemento internacional. Ante as delegacións de tantos países alí reunidos a estratexia consistía en denunciar a represión sobre o galego. A fazaña provocou grande alarma entre a delegación española da que era secretario Manuel Fraga Iribarne.

"Coidamos que o tono do informe non debe ser demagóxico, nin decraradamente político, nin tan xiquer demasiado polémico. Canto máis mesurado e ou xefivo, máis impresión fará no ánimo individual dos que o lean. Sería inútil intentar agora unha batalla oficial contra Franco dentro da UNESCO.

(...)dende o ano 47, data en que as posibilidades de acción democrática inmediata foron diplomáticamente anuladas, o galeguismo ganou dúas batallas políticas de importancia fundamental e decisiva para o futuro: a batalla do rexurdimento espritoal galego, agrupado arredor da aitividade cultural, que soupo vencer o colapso moral da guerra civil e levar ó ambiente púbrico e incluso ás novas xeneracións a inque-danza viva de Galicia, foi a primeira gran batalla política ganada dentro do ciclo franquista. A segunda batalla ganada foi a da língoa. Poderán retrasar máis ou menos o recoñecemento dos nosos dereitos idiomáticos, mais iles saben que a partir de agora canto máis alonguen a perseguizón da língoa máis armas "políticas" lle darán ó galeguismo."

Fragments dunha carta dirixida por Ramón Piñeiro aos galeguistas do exilio encargados de presentar a denuncia ante a UNESCO.

DENUNCIA

diante a Unesco da persegui-zón do idioma galego pol-o Estado Hespañol

Textos en:
GALEGO, FRANCES e INGLES

Buenos Aires, novembro 1954
Argentina
Secretaría: Belgrano 2186